

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 25 DE OUTUBRO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Decreto polo que se regula o procedemento para a obtención da autorización comercial autonómica.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón que cese Juan Carlos Fernández Fasero como director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello de Seguridade Nuclear, sobre planificación, preparación e resposta ante situacións de emerxencia radiolóxica.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a remisión ao Consello de Contas e ao Parlamento de Galicia da conta xeral da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2011.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se aproba definitivamente a Modificación puntual do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Xinzo de Limia (Ourense).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o centro neuropsicopedagóxico O Pelouro, para o funcionamento e a reserva de prazas para alumnado durante o curso 2012-2013, por un importe total de cincocentos catro mil cincocentos sesenta e catro euros e trece céntimos (504.564,13 euros).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da subministración sucesiva de axentes de contraste radiolóxico, por un importe de cinco millóns trinta e nove mil novecentos vinte e catro euros con setenta e catro céntimos (5.039.924,74 euros) (IVE engadido), e un valor estimado de nove millóns seiscentos noventa e dous mil cento sesenta e dous euros con noventa e tres céntimos (9.692.162,93 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o anteproxecto de Lei de garantías de prestacións sanitarias.
- Informe sobre o gasto farmacéutico de setembro de 2012.

A XUNTA REFORZA OS REQUISITOS DE IMPLANTACIÓN DAS GRANDES SUPERFICIES COMERCIAIS

- ***Incrementátese e concrétese os criterios urbanísticos, de mobilidade, ambientais e sociais***
- ***O Consello da Xunta aprobou o decreto co que se desenvolven as exixencias recollidas na Lei do comercio interior de Galicia para a concesión da autorización comercial autónoma ás superficies maiores de 2.500 m²***
- ***Co decreto avánzase no control do impacto das grandes áreas, co obxectivo de preservar o noso modelo tradicional***
- ***Estes centros deberán ser eficientes enerxeticamente e implantar un sistema de xestión ambiental, así como contar cun punto de recarga para vehículos eléctricos por cada 800 m² de superficie***
- ***A norma concreta que se deberán establecer liñas de transporte colectivo cunha frecuencia como mínimo dunha hora, e fomenta a redución do uso do vehículo privado e a contratación de subministradores locais de mercadorías***
- ***Os novos centros comerciais deberán poñer en marcha medidas de carácter social en beneficio da comunidade e deberán contar cunha ludoteca ou centros de atención á infancia***

O Consello da Xunta aprobou un decreto mediante o cal se desenvolven e concretan as exixencias para a concesión da autorización comercial autónoma para a implantación de establecementos comerciais superiores a 2.500 metros cadrados establecidas na Lei do comercio interior de Galicia. Nesta lei, en vigor desde xaneiro de 2011, estableceuse un novo sistema de autorización para as superficies comerciais individuais e colectivas que busca a maior das exixencias en canto a criterios urbanísticos, de mobilidade, de respecto ao ambiente ou de medidas de conciliación da vida familiar e laboral, respectando a liberdade de establecemento que marca a normativa europea.

Co decreto, deseñado pola Consellería de Economía e Industria en colaboración con outros departamentos autonómicos e que entrará en vigor vinte días despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, avánzase no control do impacto das grandes áreas comerciais, co obxectivo de preservar o noso modelo tradicional, reducindo desprazamentos, fomentando o uso do transporte colectivo e facilitando a accesibilidade, ao tempo que se garante o control de residuos e a protección do ambiente, e exixindo a posta en marcha de medidas de carácter social.

Así, no tocante ao ambiente, o decreto concreta que, ademais da necesidade de declaración de impacto ambiental, que xa se prevía na lei, se esixirá ás novas áreas o establecemento dun punto de recarga para vehículos eléctricos por cada 800 m² de superficie útil de exposición e venda. Ademais, os proxectos deberán fomentar a redución do peso do vehículo privado, así como a redución dos quilómetros de

transporte de mercadorías, con fórmulas alternativas como a contratación de subministradores locais.

Para a concesión da autorización comercial autonómica, os proxectos deberán contar ademais cunha certificación enerxética que ten que ser, como mínimo, da letra B, e estar inscritos no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se deberán describir os sistemas de recollida e almacenamento de residuos cos que se contará, e implantar, nun prazo inferior a dous anos, un sistema de xestión ambiental.

Accesibilidade e mobilidade

Os proxectos deberán achegar un estudo de mobilidade integral que teña en conta o incremento de desprazamentos que xerará a nova implantación e que determine as solucións e medidas de mobilidade adecuadas para solucionarlas. Ademais, deberase establecer unha ou varias liñas de transporte colectivo que conecten o establecemento comercial cos núcleos urbanos máis próximos, exixírase unha cadencia mínima dunha hora e valorarase positivamente a existencia de maiores frecuencias.

A lei sinala a exixencia da dotación mínima dunha praza de aparcadoiro por cada 20 m² de superficie comercial e no decreto especificábase que as devanditas prazas deberán contar cunha separación mínima de 20 centímetros para facilitar a mobilidade.

Medidas sociais

O novo decreto establece, no tocante ás medidas de carácter social, que os proxectos deberán incluír compromisos firmes en favor dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias tales como a adhesión ao sistema arbitral de consumo e a incorporación de novas tecnoloxías que permitan mellorar a información. As grandes superficies comerciais que soliciten autorización tamén deberán adoptar medidas de carácter social en beneficio da comunidade en que se vai implantar o establecemento, como poden ser a colaboración con bancos de alimentos e asociacións ou o patrocinio de iniciativas deportivas, entre outras.

Na norma sinálase o equipamento mínimo co que deberán contar as salas de lactación, de cambiadores de bebés e de repouso para mulleres embarazadas coas que teñen que contar as novas superficies comerciais, nas cales debe existir unha ludoteca ou centros de atención á infancia.

Con respecto á viabilidade urbanística, establécese, entre outras medidas, que o uso do solo deberá ser necesariamente comercial non compatible con outros usos ou comercial compatible con usos terciarios, ao tempo que se valorará especialmente que o proxecto non implique ningunha modificación do plan urbanístico municipal.

Aposta polo comercio de proximidade

O decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta enmárcase dentro do conxunto de actuacións levadas a cabo pola Consellería de Economía e Industria para acadar a mellora e modernización do comercio de Galicia. A protección e a dinamización do comercio de proximidade galego é un dos eixes da actuación da consellería, que ten en marcha o Plan Ágora, Agora Re-Comercia.

A nova norma permite avanzar no desenvolvemento regulamentario da Lei do comercio interior de Galicia, que se consolidou como unha ferramenta útil e eficaz para defender o comercio de proximidade galego. Nesta nova lei regúlanse figuras como os centros comerciais abertos e realidades que emerxeron nos últimos anos, como os *outlets* ou as feiras de oportunidades. Ao tempo, con esta lei impulsada pola Xunta facilítase a posta en marcha de novos mecanismos de diálogo aberto entre os comerciantes, os consumidores e a Administración, como o Consello Galego de Comercio ou as mesas locais de comercio.

JUAN CARLOS FERNÁNDEZ FASERO DEIXA A DIRECCIÓN DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS POR MOTIVOS PERSONAIS

- ***A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria agradece a Fernández Fasero o labor realizado neste posto durante máis de 3 anos***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o cesamento de Juan Carlos Fernández Fasero como director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic). A súa saída da Dirección da Agadic débese a motivos persoais, xa que se incorporará a novos proxectos na empresa privada, e prodúcese máis de 3 anos despois do seu nomeamento, en xullo de 2009.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da que depende a Agadic, agradece o labor desenvolvido por Fernández Fasero ao longo desta etapa, a prol da dinamización da cultura galega desde os artistas de base, e deséxalle moito éxito nos novos retos que vaia asumir. Así mesmo, valórase moi positivamente a súa achega, sempre desde a responsabilidade, para o mantemento da actividade cultural dependente da Axencia, especialmente nestes momentos de crise económica.

Juan Carlos Fernández Fasero cursou estudos universitarios de Física e grao superior de Guitarra no Conservatorio Profesional de Música de Ourense, así como diferentes especializacións en materia de son profesional e guitarra clásica. Antes da súa incorporación á Dirección da Agadic, Fernández Fasero desempeñou cargos de responsabilidade na Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM) e na Asociación Galega de Productoras Fonográficas (Agaphono).

A XUNTA E O CONSELLO DE SEGURIDADE NUCLEAR COLABORARÁN NA ELABORACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA RADIOLÓXICA DE GALICIA

O Consello da Xunta deste mañá deu luz verde a un Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Consello de Seguridade Nuclear (CSN) relativo á planificación, preparación e resposta ante situacións de emerxencia radiolóxica.

O obxecto deste convenio é fomentar o intercambio de información, experiencia e coñecementos neste eido, mediante a cooperación na planificación, implantación e mantemento do Plan autonómico de emerxencia radiolóxica da Xunta de Galicia, as actuacións conxuntas que consideren necesarias para mellorar o dito plan e o establecemento e mantemento operativo das canles e sistemas de comunicación entre ambas as partes.

O texto recolle as obrigas da Xunta e o CSN, establecidas pola nova Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco radiolóxico, aprobada por real decreto en 2010. Estas instrucións teñen como obxecto reforzar a planificación das medidas de protección e información á poboación en supostos de emerxencias radiolóxicas e recollen unha ampla variedade de posibles accidentes, sucesos e circunstancias con potenciais repercusións radiolóxicas, que poden derivar das instalacións radioactivas, equipamentos, fontes de radiación e actividades; e determinan a necesidade de dispoñer de recursos nas instalacións e administracións públicas para intervir nas diferentes emerxencias radiolóxicas.

Entre as obrigas da Xunta de Galicia están a elaboración do Plan autonómico de emerxencia radiolóxica da Comunidade Autónoma de Galicia; a súa activación ou, no seu defecto, do Plan territorial de Galicia, no caso de ser necesario; informar de maneira inmediata ao CSN sobre calquera accidente nuclear ou radiolóxico do que teña coñecemento e poida afectar os habitantes ou o ambiente da Comunidade galega; así como manterse en contacto permanente co CSN mentres dure a emerxencia, intercambiando toda a información que sexa necesaria para coordinar as actuacións, canalizando esta información a través do 112-Galicia.

Pola súa banda, o CSN colaborará coa Xunta na elaboración do Plan autonómico de emerxencia radiolóxica, asesorándoa nos aspectos relacionados coa seguridade e protección radiolóxica, e cooperará na súa implantación e mantemento da súa efectividade; e informará de maneira inmediata á Xunta de Galicia sobre calquera accidente que comporte risco radiolóxico do que teña coñecemento, que poida afectar os habitantes da Comunidade Autónoma de Galicia ou o seu ambiente.

Ademais, se a situación o requirise pola súa gravidade ou complexidade, o CSN será o encargado de enviar ao lugar do accidente, por solicitude do Goberno autonómico, a súa

unidade de intervención radiolóxica; e informará as autoridades nacionais, autonómicas e locais sobre a natureza, alcance e gravidade do accidente, desde o punto de vista radiolóxico.

A CONTA XERAL CONFIRMA QUE A XUNTA DE GALICIA PECHOU O ANO 2011 SENDO A COMUNIDADE CON MENOR DÉFICIT PÚBLICO DE ESPAÑA

- ***A Comunidade galega rematou o pasado exercicio cun déficit do 1,6% do PIB, menos da metade da media das autonomías, que foi do 3,3%***
- ***A Administración autonómica reafirma o seu compromiso para axustarse este ano ao 1,5% de déficit autorizado polo CPFF***
- ***Nos últimos tres anos Galicia foi a segunda comunidade con menor déficit acumulado, o 4,7%, moi por debaixo da media, que se situou no 8,2%***
- ***O Executivo galego enviará a conta xeral do ano pasado ao Parlamento e ao Consello de Contas en cumprimento da norma en vigor e dentro do prazo legal***

A conta xeral da Comunidade galega confirma que a Xunta foi a autonomía que pechou o ano 2011 co menor déficit público de toda España. En concreto, Galicia rematou o pasado exercicio cun déficit do 1,6% do PIB autonómico, menos da media do conxunto de autonomías, que se situou no 3,3%.

A conselleira de Facenda en funcións, Elena Muñoz Fonteriz, presentou hoxe ante o Consello da Xunta a conta xeral correspondente ao ano pasado, na que se sinala que Galicia rematou o exercicio 2011 cun déficit de 926 millóns de euros en termos de contabilidade nacional.

A conta xeral, logo do acordo do Consello da Xunta de Galicia, será remitida ao Parlamento autonómico e ao Consello de Contas en cumprimento da norma en vigor e dentro do prazo legal previsto.

Ademais, o Goberno autonómico reafirmou o seu compromiso co cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para este ano, fixado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) no 1,5% do PIB.

Nos últimos tres anos Galicia situouse como a segunda comunidade cun menor déficit público acumulado, un 4,7%, fronte a un 8,2% que tivo de media o conxunto de autonomías.

O control do déficit público que leva a cabo este Goberno desde 2009 permite que a Comunidade galega sexa a autonomía máis solvente de España e que manteña a súa autonomía, pois non precisou recorrer ás diferentes liñas de apoio financeiro que habilitou o Goberno central para as comunidades con problemas.

De feito, Galicia foi a única autonomía de réxime común que non acudiu ao Fondo Especial para Pagamento de Provedores posto en marcha polo Executivo central e tampouco ten previsto acudir ao Fondo de Liquidez Autonómica. Así, dos 50.000

millóns de euros postos á disposición das autonomías por parte do Estado, Galicia pediu cero euros.

Ademais, a Comunidade galega é unhas das poucas que no actual contexto económico segue a financiarse no mercado, en concreto con operacións que sumaron 200 millóns de euros nas últimas semanas con entidades españolas e europeas.

APROBADA A MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PROXECTO SECTORIAL PARA A AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DE XINZO DE LIMIA

- ***Permitirá incrementar esta zona de parque empresarial en distintas fases, adaptándose á demanda real de solo***
- ***O aumento do parque empresarial quedará dividido en cinco polígonos***
- ***En total, a ampliación terá unha superficie de máis de 695.000 metros cadrados***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a modificación puntual do proxecto sectorial do Parque Empresarial de Xinzo de Limia, que ten como obxectivo a súa execución por fases, de maneira que quedará dividido en cinco polígonos das seguintes superficies:

Polígono 1: 74.656 metros cadrados
Polígono 2: 117.418 metros cadrados
Polígono 3: 71.711 metros cadrados
Polígono 4: 284.405 metros cadrados
Polígono 5: 147.670 metros cadrados

A execución por polígonos permitirá adaptarse á demanda real existente, ofrecendo o solo empresarial necesario aos empresarios da comarca.

En total, a ampliación do Parque Empresarial de Xinzo de Limia terá unha superficie de 695.860 metros cadrados, distribuídos da seguinte maneira:

Parcelas de uso industrial: 463.855 m²
Parcelas de uso terciario: 38.494 m²
Espazos libres públicos - zonas verdes: 72.135 m²
Espazos libres non computables: 8.432 m²
Equipamento público: 13.987 m²
Rede viaria e peonil: 98.957 m²
Total zonificación: 695.860 m²
Sistemas xerais adscritos: 1.277 m²

O investimento total previsto para a ampliación do Parque Empresarial de Xinzo de Limia aproxímase aos 19 millóns de euros.

CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN CO CENTRO O PELOURO PARA FACILITAR A PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA EDUCACIÓN E O ACCESO Á ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS

- ***A Consellería reafirma así o seu compromiso coa atención á diversidade dos estudantes galegos, procurando aproveitar ao máximo as capacidades de cada alumna e alumno***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará o convenio de colaboración que subscribe anualmente co centro neuropsicopedagóxico O Pelouro, para facilitar a escolarización do alumnado con necesidades específicas de atención educativa, en concreto con aquel que presenta trastornos de personalidade e conduta. O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde á sinatura dun novo acordo de colaboración, desta vez para o curso 2012/2013, co que a Consellería reafirma o seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, procurando acadar o mellor de cada alumna e alumno de acordo coas súas capacidades.

Ao abeiro do convenio que se vai asinar, o centro O Pelouro prestará atención educativa e asistencial ao alumnado co fin de lograr o máximo desenvolvemento das súas potencialidades, no marco dunha comunidade socioeducativa e terapéutica. Esta atención desenvolverase en réxime de internado de diversos tipos, segundo as circunstancias familiares ou de terapia así o aconsellen, procurando o réxime máis axeitado para cada neno/a. Ademais, o centro ocupárase de orientar as familias do alumnado destas características.

Os fondos achegados pola Consellería de Educación destinaranse a aboar os salarios de persoal docente e complementario, aos gastos de funcionamento de unidades obxecto de convenio e á atención ao alumnado que ocupe as prazas de residencia.

Coa sinatura deste convenio a Consellería de Educación colabora co funcionamento do centro O Pelouro, que vén desenvolvendo desde 1973 a coeducación de escolares con necesidades educativas específicas, con e sen minusvalidez, mediante unha educación completa e integral da persoa, baseada na súa diversidade.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PREVÉ AFORRAR MÁIS DE 1,7 MILLÓNS ANUAIS NA COMPRA DE CONTRASTES RADIOLÓXICOS

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe autorizou o expediente de contratación da subministración sucesiva de axentes de contrastes radiolóxicos para os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde. O acordo de autorización da tramitación do expediente é por un importe estimado de 11,9 millóns de euros (para un período de 48 meses). Esta contratación ten por obxecto atender a demanda dos hospitais da rede do Sergas en relación con estes medicamentos.

O departamento que dirixe Rocío Mosquera mellora o prezo unitario de compra, o que vai permitir aforrar, como mínimo, máis de 1,7 anuais, o que representa un 41,6% de aforro sobre o custo actual, que é de 4,3 millóns de euros.

Grazas a este aforro, o Servizo Galego de Saúde continúa na súa liña de contribuír á sustentabilidade do sistema sanitario público galego, reducindo o custo de funcionamento dos procesos asistenciais e mantendo a súa calidade.

A Administración sanitaria galega obtén, deste xeito, a mellor relación calidade/prezo, a través dun procedemento de compra agregada mediante acordos de subministración sucesiva.

O procedemento establecido, consensuado con facultativos especialistas en radioloxía, permite definir unha relación exhaustiva de todas as características técnicas exixibles aos produtos e aplicalas de xeito común e homoxéneo a toda a rede asistencial hospitalaria, así como establecer un compromiso firme entre a entidade e o subministrador no cumprimento destas condicións ao longo do período de duración do contrato.

O ANTEPROXECTO DE LEI DE GARANTÍAS DE PRESTACIÓN SANITARIA ASEGURARÁ AOS PACIENTES LIBERDADE DE ELECCIÓN E AS GARANTÍAS NA SEGUNDA OPINIÓN MÉDICA E INSTRUCIÓNS PREVIAS

- ***A lei establecerá unha serie de prazos máximos indicativos de 60 días para as intervencións cirúrxicas e 45 días nas consultas externas e nas probas diagnósticas ou terapéuticas seguindo criterios de priorización clínica, por gravidade e eficacia destas***
- ***A libre elección de médico de familia, profesional de enfermaría e pediatra é un dereito sustentado nos principios de liberdade do paciente e equidade no acceso ás prestacións, ao cal hai que unir a posibilidade de escoller o centro hospitalario***

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou hoxe aos membros do Consello da Xunta do anteproxecto de Lei de garantías de prestación sanitaria que elaborou o seu departamento. O dito anteproxecto iniciará a súa tramitación coa exposición pública para achegas en vindeiras datas.

Este texto terá como obxectivo outorgar as garantías necesarias aos usuarios do sistema público de saúde de Galicia para o exercicio dos dereitos de atención sanitaria nos prazos establecidos; a libre elección de médico de familia, pediatra e de persoal de enfermaría, así como de centro hospitalario; a solicitude dunha segunda opinión médica; a formulación das instrucións previas; e a información dos dereitos, deberes, servizos e programas do sistema sanitario.

Neste sentido, no referido aos tempos de resposta, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, recolle, entre os dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Servizo Galego de Saúde, o de obter unha garantía de demoras máximas, de forma que determinadas prestacións sanitarias sexan dispensadas nuns prazos previamente definidos e coñecidos polos usuarios.

Establécese deste xeito a facultade dos pacientes de recibir unha resposta ao seu problema de saúde en tempo e forma. Regúlase, así mesmo, que é responsabilidade da Administración sanitaria conxugar o dereito do paciente coas necesidades de programación da asistencia médica, de forma que se garanta un acceso suficiente, permanente e universal, sen discriminación nin arbitrariedade, aos tratamentos.

Ademais, de acordo cos ditados da Unión Europea, o tempo de resposta do sistema sanitario público debe conxugar a necesidade obxectiva do paciente -atendendo á situación do seu estado de saúde e á posible evolución da súa enfermidade- coa necesidade de facer un uso correcto e eficiente dos recursos existentes.

Tempos de resposta

Así, a lei establecerá unha serie de prazos máximos indicativos de 60 días para as intervencións cirúrxicas e 45 días nas consultas externas e nas probas diagnósticas ou terapéuticas.

Polo tanto, as estratexias de xestión da espera dos pacientes deben estar baseadas nas indicacións establecidas polo profesional sanitario; na priorización dos doentes en función da súa gravidade; na consideración da súa limitación funcional e situación social; e no resultado previsible en cada intervención planificada.

É por isto que a Administración sanitaria considera necesario homoxeneizar os criterios de indicación de intervencións cirúrxicas, consultas e probas diagnósticas e terapéuticas, establecendo tamén novos sistemas de avaliación e desenvolvendo instrumentos que identifiquen prioridades de resolución en termos clínicos, sociais e funcionais.

Isto reforzarase coa introdución de novos obxectivos nos acordos de xestión que permitan unha implicación maior, se cabe, dos profesionais da sanidade; e cun sistema de garantía das prestacións establecido para o caso de que o sistema non poida dar resposta adecuada nos tempos de espera establecidos.

Libre elección e segunda opinión médica

Doutra banda, a libre elección de médico de familia, profesional de enfermaría e pediatra é un dereito sustentado nos principios de liberdade do paciente, equidade no acceso ás prestacións, participación dos cidadáns e eficacia e transparencia do sistema sanitario, ao que hai que unir a posibilidade de escoller o centro hospitalario. Desde a Consellería de Sanidade considérase que facer efectivo este dereito contribuirá á mellora do sistema público de saúde de Galicia e a unha mellor identificación do cidadán co propio sistema.

Doutra banda, no que atinxe á solicitude dunha segunda opinión médica cando se produce o diagnóstico dunha enfermidade de pronóstico fatal ou incurable ou que comprometa gravemente a calidade de vida, este é un dereito do paciente que aparece recollido na Lei 16/2003, do 28 de maio, e na Lei 8/2008 como regulación mínima.

No anteproxecto que desenvolveu a Xunta garántese a posibilidade de solicitar unha segunda opinión médica nos supostos establecidos, e concrétase como e cando se poderá exercer este dereito e os criterios da súa garantía.

Por último, no que atinxe ao dereito do paciente a manifestar anticipadamente a súa vontade nun documento de instrucións previas para o momento en que non poida manifestalas, este vén establecido orixinalmente na Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, na Lei

3/2005, do 7 de marzo, que a modifica, e na Lei 8/2008, que se limita a facer unha referencia ao dereito en relación co consentimento informado por substitución.

A futura lei que está a tramitar a Xunta regulará o dereito á manifestación das instrucións previas do paciente, que serán tidas en conta polo persoal sanitario no marco do establecido na legalidade vixente, definindo o suxeito do dereito, o procedemento de formalización e o rexistro de instrucións previas.

GALICIA AFORROU ARREDOR DE 50 MILLÓNS DE EUROS NA SÚA FACTURA FARMACÉUTICA ENTRE XANEIRO E SETEMBRO DE 2012

- ***Foi a única comunidade en que se habilitou un sistema para que ningún usuario pensionista tivese que adiantar polos seus medicamentos máis do que lle corresponde polo seu tope mensual***

Galicia aforrou arredor de 50 millóns de euros no período comprendido entre os meses de xaneiro e setembro de 2012 respecto ao mesmo período do ano 2011, cunha porcentaxe de diminución do gasto do 8,7%. Así se reflicte nun informe sobre o gasto farmacéutico de xullo presentado hoxe aos membros do Consello da Xunta pola conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez.

Neste sentido, a Consellería de Sanidade continúa unha tendencia á mellora grazas ao fomento das mellores prácticas de prescrición e bo uso dos medicamentos.

Os datos da factura farmacéutica a través de receita oficial na nosa comunidade correspondentes ao mes de setembro de 2012 amosan unha diminución notable no número de receitas facturadas que se reduciron nun 17,8% respecto das receitas facturadas no mesmo mes do ano 2011, e ademais permitiu unha baixada do gasto farmacéutico do 22,13% respecto a setembro 2011.

Entrada en vigor do Real decreto 16/2012

No mes de xullo de 2012, a entrada en vigor das medidas sobre prestación farmacéutica recollidas no Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións supuxo unha rebaixa moi notable da factura farmacéutica en todo o territorio nacional tras a actualización da achega que realizan os usuarios na dispensación da receita.

Non obstante, Galicia foi a única comunidade na cal se habilitou un sistema para que ningún usuario pensionista tivese que adiantar polos seus medicamentos máis do que lle corresponde polo seu tope mensual. Deste xeito, propíciase que non se recollan máis que os tratamentos que se precisen e non se acumulen na casa innecesariamente.

Medidas de racionalización en Galicia

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde continúan apostando polas medidas de racionalización postas en marcha a través do impulso de boas prácticas de prescrición e do bo uso do medicamento, realizando unha xestión eficiente dos recursos dispoñibles.

Ademais de impulsar o Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos tamén se puxeron en marcha outras medidas como a ampliación do programa de atención farmacéutica nas residencias sociosanitarias, o programa de fomento de boas prácticas de prescrición con novos obxectivos e o traballo conxunto da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica cos profesionais e sociedades científicas.

Xa no ano 2011, coa implantación do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos, a factura farmacéutica de receita oficial foi de 102,1 millóns de euros menos que no ano 2010, o que supuxo unha diminución do gasto farmacéutico do 10,96%. En total, o aforro global acadado entre o ano 2011 e os nove primeiros meses de 2012 alcanza os 151,6 millóns de euros.

Outro dato para destacar é a evolución da prescrición de medicamentos xenéricos na nosa comunidade, xa que pasamos de ser das últimas comunidades en canto á porcentaxe de prescrición de xenéricos no ano 2009 a ocupar unha posición intermedia no momento actual.